

SERGIOS GALIZA

MANUEL BRAGADO

POR UN VIGO GALEGUISTA

Mestre, editor e colaborador de 'Nós Diario', Manuel Bragado (Vigo, 1959) está sempre remoendo nas ideas e nos proxectos. Desde o seu tempo en Nova Escola Galega, coa renovación pedagóxica como bandeira de enganche, á dirección editorial de Xerais, na que estivo moitos anos antes de regresar ao ensino. Mantense moi activo desde a súa actual xubilación, con presenza no debate público e presidindo a asociación dos Premios da Crítica de Galicia. Na liña da súa atención constante á Galiza e á súa cidade natal vén de publicar *Vigo na liña do tempo* (Instituto de Estudos Vigueses).

Leva varios anos, na prensa e nos seus libros, ocupándose de Vigo como materia. Por que é o seu centro de atención?

É unha cuestión política pura e dura. Reivindico o Vigo galeguista anterior á República. Sempre poño un exemplo. O Plan Palacios, do que non imos entrar a dirimir a súa viabilidade, pero existía, instalaba no outeiro do Castro un edificio destinado a Palacio Rexional. Indubidabelmente consideraba que a autonomía pola que se estaba loitando politicamente nese momento, primeiro polas Irmandades da Fala e despois xa constituído o Partido Galeguista, concibía que Vigo ía ser o grande porto galego e a cidade a Barcelona atlántica. É curioso mesmo que a editorial Galaxia, que se constituíu en Santiago, coñecémola como unha empresa afincada de sempre en Vigo, e creo que se fixo por razóns políticas, porque para o propio Ramón Piñeiro era unha dificultade.

Ademais dese Vigo galeguista está o Vigo motor da Galiza moderna, un pouco na liña do que ten expresado Ferrín, que fala da cidade como volcán dos dinamismos, no que a historia do

futuro do país como entidade política pasa polo que poida suceder aquí.

Finalmente hai outra razón, que tamén é política, e é que eu son un convencido municipalista. Concibo a política como actividade do común no ámbito do máis próximo. Se algo me tería gustado na vida é ser concelleiro ou mesmo alcalde. Os avatares da vida non me levaron por aí... a maiores da miña nulidade política.

—Por que o municipalismo o atrae tanto?

Ademais de pola proximidade porque na Galiza afortunadamente está proporcionando os mellores modelos de xestión política. Os mellores modelos que temos son concellos vinculados hoxe ao Bloque Nacionalista Galego, entre os máis próximos poden estar Pontevedra, Tomiño ou Moaña por non irmos ao caso de Allariz. Son proxectos políticos interesantes polo carácter estratéxico das súas políticas públicas e tamén por como establecen a relación cos veciños.

—Vostede é vigués de nacemento e iso será tamén unha razón de peso?



Entrevista e fotos XAN CARBALLA

E é fácil de entender esa razón: nacín en Vigo e non teño aldea. A miña familia procede por parte de nai do Val do Frago e Mantelas, na parroquia de Santa Rita, e pola de meu pai dun concello da Terra do Pan, en Zamora, pero o meu avó emigrou a Redondela e estableceuse abrindo unha tenda de coloniais. Non ter aldea rompe mitos porque se pode ser galeguista, nacionalista galego, sen ter referencia familiar na aldea. A min durante un tempo dábase vergoña, até cuarto de bacharelato, porque eramos moi poucos na clase así. Eu son un entre seis irmáns que viviamos humildísimos nunha bufarda da rúa Pi i Margall. O meu pai era viaxante de comercio e miña nai, coa miña avoa, levaba un posto de froita e verdura na praza, no Mercado do Progreso. En grande medida recibín a educación alí, entendín o que era a vida comercial. Por iso cando anos despois estaba na editorial interesoume moito todo o que tiña que ver coa promoción dos libros e co mundo das librarías. Víñame de casta.

—O último libro que publicou é unha cronoloxía histórica da cidade, un traballo de consulta pero tamén un panorama da singularidade, case europea, do crecemento de Vigo no século XX. Os vigueses somos ás veces un pouco de botar por fóra, só hai que ver como temos hoxe un especialista do ditirambo á fronte... pero en todo caso é certo que a partir de 1875 a burguesía viguesa desenvolve os primeiros proxectos de industrialización e iso produce unha eclosión na poboación da cidade. Dese ano é a Exposición Rexional de Santiago e desde Vigo preséntanse alí varios proxectos importantes. Un deles é La Cristina, unha fábrica de papel continuo, a primeira que se montou na cidade e da que eran socios todos os impresores que había na cidade, entre eles Juan Compañel, pero tamén se presentou A Industiosa que era un taller en Sanjurjo Badía que introduce a máquina de vapor na Galiza; e tamén está un belga que é o primeiro que fabrica cervexa na cidade, e por suposto Curbera, que acaba de montar fábrica en Chapelá, e foi xerando para a

"VIGO CON GALAXIA, A NOSA TERRA E XERAIS PROTAGONIZOU A ÉPOCA DE OURO DA EDICIÓN GALEGA, FOI UN MOMENTO VISTO EN PERSPECTIVA MOI IMPORTANTE"

cidade un proxecto industrial ligado ao mar. Nos anos seguintes entendeuse o carácter estratéxico da cidade, que despois se perdeu por completo, en relación a América. A instalación do Cable Inglés ou do Cable Alemán, que era a avanzada europea para unha conexión de telecomunicación directa con América, e neste sentido Vigo era vangarda e foi estratéxico, como se veu despois na I Guerra Mundial. Por iso tamén a cidade era un lugar poboado de espías internacionais. Todo isto pode alimentar uns relatos literarios moi variados, sexan ao estilo de Domingo Villar ou de Pedro Feijóo.

—O medre de poboación nun tempo curto foi bastante espectacular no século XX, non é unha esaxeración destacalo. En 1875, Vigo non chegaba a 10.000 habitantes. Despois incrementouse por dúas vías. Pola anexión en 1904 de Bouzas e, sobre todo, coa fin da guerra, cando se incorpora Lavadores. Nese momento Vigo xa ten case 150.000 habitantes. Os outros empuxes xa os coñecemos, co fenómeno fulcral do século XX en Vigo que é a instalación da Citroën, que introduce unha actividade alternativa ao espírito portuario da cidade, pero que tamén se instala por ese carácter a través da Zona Franca, porque os franceses viron a posibilidade da conexión marítima cos portos bretóns. Desde entón Vigo sitúase entre os 200 e os 300 mil habitantes que agora se manteñen, co desenvolvemento metropolitano, que para min é a rexión urbana Vigo-Pontevedra. Esa é a unidade de planificación estratéxica, urbanística, económica, turística e mesmo das infraestruturas culturais.

—A industrialización coa tracción de Citroën fai que haxa unha intensísima inmigración galega interna, desde Ourense maiormente. E mesmo, efemeramente nos anos 80, Citroën chegou a establecer unha filial en Ourense. Realmente Vigo constituíuse como cidade de acollida e ese é un factor potente da súa identidade. Dise con graza que de Vigo pode ser

calquera, pero tamén teñen moita importancia as identidades de barrio, ti dis que es do Calvario, de Teis, de Beade, Bouzas, As Travesas ou Valadares. É unha cidade en bisbarra e ter varios núcleos fana moi interesante porque privilexia a convivencia. E agora está o fenómeno do Vigo emerxente de Navia que dará os seus froitos e que produce un grande contraste co envellecemento de Coia, que no seu momento foi o barrio máis alternativo e combativo, e agora está nunha remuda xeracional.

—Así como outras cidades galegas conservaron o núcleo histórico vivo, a Vigo custoulle deus e axuda poder recuperar o seu casco vello, e aínda hoxe está nesa tarefa. Fíxéronse moitas barbaridades. O meu barrio, que está onde o Paseo de Alfonso, era o límite dese Casco Vello. Nos 60 estaba totalmente ocupado por familias pero deteriorouse a toda velocidade a partir dos 70 cun envellecemento poboacional e un empeoramento das condicións de vida absoluto. Agora a recuperación está sendo un dos grandes fenómenos urbanísticos deste tempo, comezando co Casco Vello alto que ten os seus pioneiros na xente que foi ocupando unhas vivendas remodeladas excelentes e é un modelo esperanzador para unha cidade que, en vez de medrar cara a fóra, pode reconstruírse internamente. No Casco Vello aínda hai moito que facer.

—Unha parte central da súa vida dedicouna ao libro e reivindica a cidade como capital da edición galega. Entraría isto tamén na idea que comentaba de Vigo como foco de irradiación galeguista? Totalmente, porque na Galiza na edición moderna de catálogo primeiro foi a Biblioteca de Martínez Salazar e despois está Nós, pero xa na posguerra o núcleo Vigo-Pontevedra é fundamental. Sexa con Galaxia e tamén por outras figuras que acompañaron ese tempo, con Xosé María Álvarez Blázquez, que con Monterrei e Castrelos, desenvolve o primeiro proxecto de edición comercial. Pero despois, xa na Autonomía, a aparición de Xerais e tempo despois A Nosa

Terra mudaron completamente os criterios de edición, porque editaban libros de calidade e para vender. Ese foi o grande acerto estratéxico das persoas que estiveron á fronte deses proxectos, que eran culturalmente moi potentes pero alicerzados no mercado. Foi extraordinario e coa vista atrás paréceme fundamental. Despois apareceron máis cousas, con especializacións como Ir Indo ou Nova Galicia, e todo iso contaxiou do mesmo espírito comercial a Galaxia. Por iso o gran momento da edición galega en 2008 é porque hai tres grandes editoriais tractoras da edición galega como A Nosa Terra, Xerais e Galaxia, e despois había experiencias importantes como Sotelo Blanco ou Edicións do Castro ou máis específicos como Hércules. Vigo con esas tres editoriais protagonizou a época de ouro e agora está a cousa máis complicada.

—Ese papel desde Vigo na edición, cumpríuno tamén a cidade no sindicalismo ou na política galega? A clave dese tempo, e así me vin sempre como editor, é que tiñamos que operar como faría un editor italiano ou francés, porque manexabamos a mesma axenda. Esa actuación desacomplexada pode suceder no sindicalismo e na política, como non. A hexemonía, un concepto para min fundamental, léxitima os proxectos. Se estás constantemente, como estivo a edición galega, publicando ano tras ano 400 títulos, estás construíndo futuro. Así temos hoxe un catálogo galego vivo de 22.000 referencias. Foi un esforzo colectivo en corenta anos extraordinario.

A CIG non aspira a representar só os traballadores nacionalistas, senón a todos os traballadores e traballadoras. E o BNG e a esquerda nacionalista galega ten que aspirar a gobernar o país e a conseguir a hexemonía. Iso é irrenunciábel. É o que eu chamo ter os ollos deitados constantemente no porvir. Pensar que o que estamos facendo forma parte dun río que nos leva. Son activista por máis que saiba do poema "Penélope" de Díaz Castro

"Un paso adiante e outro atrás, Galiza, / e a tea dos teus sonos non se move. / A esperanza nos teus ollos se espreguiza. / Aran os bois e chove". A pesar da precariedade da lingua, a perspectiva da construción nacional galega está mellor que hai dúas décadas.

—Coñece ben o país, percorreu case un millón de quilómetros presentando libros ou traballando como mestre. A articulación do país privilexiando a faixa atlántica foi deixando atrás o interior?

Encántame Lugo e vivín en Bande. Unha nación é a vontade dunha comunidade para ser, pero ese ser é tamén un territorio determinado e ten que ser abondo orgánico para que permita a maior calidade de vida de quen o habita. Hai unha Galiza atlántica, artellada arredor da autoestrada, a da coitelada que vivimos hai cincuenta anos. Se en vez de que esa autoestrada se proxectase así se proxectase de xeito radial, que era o modelo que se contraponía, tamén cun novo ferrocarril, teríamos outra mobilidade e outro país. Aí o pensamento nacionalista e anticapitalista galego tense que pór moi serio. Non só imos facer unha Galiza das cidades, temos que recuperar o proxecto da estrela de sete puntas e hai que contar con infraestruturas e con actividades económicas sostíbeis e viábeis. O caso de Altri está sendo moi interesante precisamente porque é unha actividade industrial incompatible cun modelo de desenvolvemento sostíbel. E hai proxectos diferentes moi interesantes. Estou pensando nalgúns de explotacións gandeiras alternativas nas que hoxe temos un nivel de calidade superior a calquera outra holandesa, suíza ou alemá que pasan por ser punteiras en Europa.


—O modelo de desenvolvemento de ferrocarril que conectase con Europa sen pasar por Madrid xa o defendía Paz Andrade e todo o galeguismo hai cen anos.

Os intereses dos que hoxe mandan na Galiza segue sendo privilexiar dúas rexións urbanas. A da Coruña, arredor da confección e o grupo Inditex e un polo dixital importante, e Vigo, que ten un

peso industrial moi forte, pero coa incerteza do que pode pasar no futuro coa industria do automóbil, porque poderíamos ser unha nova Detroit. Por iso hai que comprender ben a necesidade de idea de captar novas industrias para aquí, sexa no ámbito da aeronáutica ou a dixitalización, porque poden abrirse horizontes. Pero, e o resto do país? A poboación de toda a provincia de Ourense xa é menor á de toda a cidade de Vigo e bisbarra.

E, porén, hai sectores interesantes que tratan de abrirse paso. No que fun coñecendo estes anos hai iniciativas extraordinarias e proxectos moi innovadores. Véñenme á cabeza algúns. Nos Premios da Crítica deste ano, en Cultura Gastronómica, recoñeceu un proxecto chamado Adega Aberta, situado entre Salceda e Salvaterra, que é unha adega comunitaria, non só cooperativa. E en Negueira de Muíiz está nacemento unha indicación xeográfica protexida de viños de Navia de Suarna, que parece que teñen unha calidade acreditada extraordinaria, e ocupa apenas tres concellos. En fronte destes exemplos, e hai moitos, os incendios ou Altri son manifestacións de decadencia que agoiran un futuro complexo polo cambio climático. Pero insisto que hai outra maneira de ver e proxectar.

Tamén temos que chamar a atención sobre un fenómeno que xa está aí e vai condicionar moitas cousas no futuro, a intención de converter Galiza nun refuxio climático de Madrid. Influirá gravemente en moitos campos, desde o crecemento dos prezos da vivenda de forma desorbitada á carencia ou deterioro de servizos básicos. Un traballador normal xa non pode mercar vivenda en Nigrán ou en Cangas, teno moi complicado. E tampouco en Vigo. Son realidades ás que teremos que facer fronte como tamén á integración dos inmigrantes, con xentes que chegan cos ollos deitados no porvir e queren construír comunidade, facer as súas familias e ter os seus fillos entre nós. Aí o proxecto de futuro é como artellamos eses brazos abertos con estas persoas que desexan vivir con nós.



Manuel Bragado, mestre e editor.

'Vigo na liña do tempo', a nova obra publicada por Manuel Bragado.

Semanario 1,70 €
Sábado 25.10.2025
Número 681

SER²OS GALIZA

nosd

A portrait of Manuel Bragado, a middle-aged man with grey hair and a beard, wearing a dark jacket over a light shirt. He is leaning against a concrete pillar. The background is a blurred outdoor scene.

MANUEL BRAGADO

Desde Vigo, Galiza como tarefa

CREATIVAS GALEGAS
Un lustro de traballo en común

PRESERVAR O ESPAZO
Center for Space Environmentalism